



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE CATRO DE MAIO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 19)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de maio de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos e D^a. Sonsoles López Izquierdo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de abril de dous mil dezaoitto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE COSPEITO E MONTERROSO, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesións ordinaria e extraordinaria que tiveron lugar o 28 de marzo de 2017 e 16 de xuño de 2017 respectivamente, foron aprobadas as Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Tendo en conta que os Concellos de Cospeito e Monterroso, achegaron os anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nalgunha das licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican a continuación.

O Concello de Cospeito presentou Anexo III das obras incluídas no Plan Único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
62	REPARACIÓN DE VIAS: A LAGUNA, CAMIÑO DE PINA A RABADÁ, DE CERVERIO A TRANSFORMADOR DE GOÁ,	42.775,96€



	AQUILINO IGLESIAS E AVDA SANTA MARÍÑA (MUIMENTA), PISTA DO POZO, CTRA CASTELO-ROÁS E PISTA DA BOUZA, P.K. 0+000 - 6+177	
63	ALUMEADO PÚBLICO EN MILLARADA (PINO), VEIGA (XUSTÁS), TRABA (MUIMENTA), RUBIÑOS (RUBIÑOS) E FEIRA DO MONTE	28.181,58€

Tendo en conta que por escritos de data 17, 24 e 30 de abril de 2018, o Concello solicita a aplicación destas baixas nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DE AS PAINCIEGAS E FEIRA DO MONTE	28.181,58€	0,00€	28.181,58€
MELLORA DO FIRME DA VÍA DE COMUNICACIÓN SANTA CRISTINA A GOÁ, P.K. 0+000 1+060, INCLUÍDO HONORARIOS	42.774,43€	0,00€	42.774,43€

O Concello de Monterroso presentou Anexo III das obras incluídas no Plan Único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA DEPUTACIÓN €
133	AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DE SIRGAL, P.K. 0+000 - 0+153, INCLUÍDO REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA	847,00€
134	REFORZO DO FIRME NA ESTRADA DE SIRGAL, P.K. 0+556 - 1+156, INCLUÍDO REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA	896,50€
135	MELLORA PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO DE NOVELÚA (Segundo coordenadas UTM)	4.815,60€
136	MELLORA PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO DE AIREXE-LINGONDE (segundo coordenadas UTM)	6.228,75€

Tendo en conta que por escrito de data 26 de abril de 2018, o Concello solicita a aplicación destas baixas nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DO FIRME NA ESTRADA DE SANDOLFE A ARXONA (segundo coordenadas UTM)	12.787,85€	0,00€	12.787,85€

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Cospeito e Monterroso, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente as actuacións que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

CONCELLO	IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
COSPEITO	AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DE AS PAINCIEGAS E FEIRA DO MONTE	28.181,58€	0,00€	28.181,58€
	MELLORA DO FIRME DA VÍA DE COMUNICACIÓN SANTA CRISTINA A GOÁ, P.K. 0+000 1+060, INCLUÍDO HONORARIOS	42.774,43€	0,00€	42.774,43€
MONTERROSO	MELLORA DO FIRME NA ESTRADA DE SANDOLFE A ARXONA (segundo coordenadas UTM)	12.787,85€	0,00€	12.787,85€

2º.- Trasladar o presente acordo aos Concellos de Cospeito e Monterroso para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOURENZÁ SOLICITANDO UNHA NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE

**ADXUDICACIÓN DUNHA DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que por acordo do Pleno da Deputación Provincial en sesións ordinaria e extraordinaria de datas 16 de xuño de 2017 e 28 de marzo de 2017 respectivamente, se acordou a aprobación das Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que a Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017, acordou conceder ao Concello de Lourenzá unha prórroga para a adxudicación das obras incluídas no Plan Único (nº 112 e 114) ata o 30-04-2018.

O Concello de Lourenzá incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

LOURENZÁ	156.405,80 €	112	IDENTIFICACIÓN	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A CAZOLGA, PANTIGUEIRAS, VILLAPOL, O PEREIRO, REGO DO SANCHO E ALAXE, P.K. 0+000 - 2+228				
			FINANCIACIÓN	43.635,65	16.009,77	59.645,42	X	
		113	IDENTIFICACIÓN	EXECUCIÓN APARCADOIRO DE SUPERFICIE PÚBLICO E PAVIMENTACIÓN DE VÍA DE ACCESO EN O CASTRO (SANTO ADRAO)				
			FINANCIACIÓN	42.350,00	0,00	42.350,00	X	
		114	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DEPÓSITO DE INCENDIOS EN STO. TOMÉ, INCLUÍDO ESTUDO XEOTÉCNIO, REDAC. PROXECTO E DIREC. OBRA				
			FINANCIACIÓN	16.682,05	0,00	16.682,05	X	
		115	IDENTIFICACIÓN	ALUMEADO PÚBLICO EN OURAL (SANTO TOMÉ), INCLUÍU REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA				
			FINANCIACIÓN	41.847,53	0,00	41.847,53		X
		116	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO: ASENTOS CORRIDOS PARA O PAVILLÓN E BANQUILLOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA CRUZ				
			FINANCIACIÓN	7.083,00	0,00	7.083,00		X
		117	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE 20 LITERAS PARA INSTALAR NO PAVILLÓN PARA USO DOS PEREGRINOS				
			FINANCIACIÓN	4.807,57	0,00	4.807,57		X

Resultando que a Alcaldía do Concello de Lourenzá, a través de escrito con data 26 de abril de 2018, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato da obra “Construción de depósito de incendios en Santo Tomé, incluído honorarios (114)”, incluída no Plan Único 2017 ata o día 30 de xullo 2018, ao non poder adxudicalas no prazo inicialmente concedido segundo xustificación manifestada que obra no expediente e referida a unha autorización de Augas de Galicia.

Resultando que pola Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017 concedeuse a dito Concello unha prórroga para a adxudicación do mentado investimento ata o 30 de abril de 2018.

Logo de ver o informe do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación da obra indicada, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración.

CONCELLO	Nº OBRA PLAN ÚNICO 2017	PRÓRROGA ATA
LOURENZÁ	114	30-07-2018

2º.- Trasladar o presente acordo ao Concello de Lourenzá para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ANEXO II, LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE TRABALLADOR ÁS EMPRESAS BENEFICIARIAS DO BEN EMPREGADO III, QUE FORMAN PARTE DA BOLSA DE EMPREGO DO DÍA 16/04/2018.

Resultando que con data 16 de setembro de 2016 esta Excma. Deputación Provincial aprobou as bases para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, Programa do Fomento de Emprego da Provincia de Lugo- Ben Empregado III. Fase I. O extracto



da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 229 do 4 de outubro de 2016.

Con data 29 de decembro de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016.

Con data 16 de abril do 2018, publicase na páxina web unha quenda de entidades denominada “Bolsa de Emprego 16/04/2018”. Dende ese momento abriuse o prazo de solicitude de 5 días hábiles para solicitar a participación no proceso selectivo de ditos postos. Sendo as seguintes entidades do Ben Empregado III:

EXPEDIENTE	RAZÓN SOCIAL
BE3/A-16-22	Mª LUZ ÁLVAREZ DÍAZ
BE3/A-16-101	J&J ARIAS CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES SL
BE3/A-16-168	MARIA MAR BECERRA FERNANDEZ
BE3/A-16-353(2)	JORGE LOPEZ BARREIRA
BE3/A-16-354	RAQUEL VAZQUEZ PICOS
BE3/A-16-356	JOSÉ MANUEL ARIAS GONZÁLEZ
BE3/A-16-440(2)	JESUS REIMONDO GONZALEZ
BE3/B-16-40	ION VASILE
BE3/B-16-113	ISABEL JUSTO DOS SANTOS

Tendo en conta que os postos das entidades A-16-22, A -16-353(2) e A-16-354, veñen desertos da bolsa do 26 de febreiro de 2018 informada en Xunta de Goberno do día 16 de marzo de 2018.

O candidato do posto A-16-101, D. Alejandro González Díaz renuncia o posto o día 1 de xuño de 2017 o seguinte candidato D. Eugenio dos Santos Machado causa baixa voluntaria o 12 de decembro de 2017, o seguinte candidato D. Antonio Pérez Rigueiro renuncia o posto o 9 de xaneiro de 2018, o seguinte candidato D. Diego Gayoso Pardo despois de intentar contactar con el en repetidas ocasións non e posible, polo que se pasa ao seguinte candidato da listaxe de reserva D.

Fabián López Pereira que causa baixa voluntaria o día 9 de febreiro do 2018, pasando así o último candidato da listaxe de reserva D. Eladio Pombo Vide, que tras intentar contactar con el en repetidas ocasións non e posible quedando o perfil deserto e saíndo na Bolsa de emprego do 16/04/2018.

O posto da entidade A-16-168 ven deserto da bolsa do 26 de marzo de 2018 informada en Xunta de Goberno do día 13 de abril de 2018.

O candidato do posto A-16-356, D. Emmanuel Lira López causa baixa voluntaria o día 30 de novembro do 2017, o seguinte candidato D. Agustín Parra Augusto non supera o período de proba causando baixa o día 15 de xaneiro de 2018, a entidade beneficiaria solicita autorización para proceder a baixa con posterioridade a esta, á vista do escrito presentado por esta entidade con data 28 marzo de 2018, esta Excma. Deputación Provincial procede a autorización vía telefónica e para non demorar mais o proceso de contratación son facilitados os datos do seguinte candidato da listaxe de reservas, D. Antonio Pérez Rigueiro que e imposible contactar con el. Sucede o mesmo co seguinte candidato D. Daniel Díaz Franco, polo que o perfil queda deserto saíndo na Bolsa de emprego do 16/04/2018.

O candidato do posto A-16-440(2) D. Neculai Barticel, causa baixa por despido disciplinario o día 19 de marzo de 2018 por non haber mais candidatos na listaxe de reserva o perfil queda deserto e sae na bolsa de emprego do 16/04/2018.

O candidato do posto B-16-40, D. Jose Carlos Hernández Pena, causa baixa voluntaria o día 19 de febreiro do 2018, quedando o perfil deserto por non haber mais candidatos na listaxe de reserva e saíndo na Bolsa de emprego do 16/04/2018.

O posto da entidade B-16-113 ven deserto da bolsa do 26 de febreiro de 2018 informada en Xunta de Goberno do día 16 de marzo de 2018.



Tendo en conta que aos postos das entidades beneficiarias BE3/A-16-22, BE3/A-16-353(2), BE3/A-16-354 e BE3/B-16-113, non se inscribiu ningún candidato polo que xa non procedemos a súa citación, volvendo polo tanto quedar o perfís desertos.

Tendo en conta que realizadas as entrevistas, con data 30 de abril do 2018, publicáronse na web os resultados das mesmas, de acordo ao establecido pola comisión de valoración reunida o 2 de maio do 2018, para que os candidatos poidan saber as súas puntuacións.

Tendo en conta que posteriormente á publicación desta listaxe de puntuacións, publicarase o Anexo II da Liña A, converténdose no listado definitivo, onde se asignará a cada posto de traballo un traballador desempleado solicitante, sendo este o que acadou mellor puntuación.

Tendo en conta que o expediente relativo a Fase II cumpre coas Bases anteriormente citadas, e a documentación dos solicitantes desempregados está completa e arquivada en cada un dos expedientes dos candidatos.

Por todo elo, tendo en conta o informe da Unidade de Emprego, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar o Anexo II Liña A, da resolución da “Bolsa de Emprego de 16/04/2018”, da Fase II do Ben Empregado III.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Logo de ver os Plans de Seguridade e Saúde das obra que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servicios técnicos desta Deputación, así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA:

Obra: Variante LU-P-1602 “De San Cristóbal, por Aday, a la LU 106”, P.K. 1+540 ao 3+200. CORGO.

Contratista: Francisco Gómez y Cía, S.L.

6.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DAS RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN DIVERSOS EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.

Logo de ver o expediente relativo á rectificación e complemento de acordos da Xunta de Goberno como resultado das reclamacións de particulares comparecentes en diversos expedientes expropiatorios.

Tendo en conta o informe do Servizo de Expropiación e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Rectificar a titularidade das parcelas 19, 21 e 22 da obra nº 99 POS 2005 SARRIA.- C.P. “De Santa María por Vilamaior a Castro de Rei de Lemos”, ensanche e mellora do P.Q. 2,500 a 4,500, no seguinte sentido:

Parcela nº	Titularidade anterior	Nova titularidade
19, 21 e 22	José Pérez López	José Loureiro González



7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver o expediente relativo á convocatoria para a concesión de subvencións destinadas á entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

Tendo en conta os informes da Secretaría Xeral e dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 280.000,00 € (douscentos oitenta mil euros).

3º.- Aprobar o modelo de solicitude

8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado,

segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, do venres 18 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas á entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017; e vistas as renuncias presentadas polo beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
Asociac. Mulleres Rurais a Xuntanza	1001,00
Asociac. Cult. O Garabullo de Carballedo	983,00

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DAS LISTAXES DE TÉCNICOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, TÉCNICOS DE XESTIÓN, ADMINISTRATIVOS E AUXILIARES ADMINISTRATIVOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

Logo de ver que no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data da presente convocatoria téñense producido, na Escala de Funcionarios de Administración Xeral desta Deputación, dezasete baixas definitivas e soamente oito incorporacións de efectivos externos, sendo previsible que se produzan cando menos 4 baixas definitivas nos anos 2018 e 2019.

Tendo en conta que de distintas Unidades e servizos da Entidade téñense presentado propostas demandando a incorporación de efectivos sen que a maioría delas se puideran satisfacer mediante procedementos de mobilidade interna. Constatándose que estas demandas de efectivos



alcanzan as diferentes subescalas da Escala Administración Xeral: Técnica, de Xestión, Administrativa e Auxiliar.

Tendo en conta que neste momento, as listaxes de persoal seleccionado para prestar servizos con carácter temporal nas subescalas antes sinaladas non contan con aspirantes en ningunha delas, pode concluírse, conforme ao sinalado anteriormente, que esta falta de efectivos, no nivel que ten acadado e co previsiblemente incremento durante os anos 2018 e 2019 se situará nesta Escala nun descenso de 13 efectivos o que, condiciona notablemente un eficaz funcionamento dos servizos que esta Entidade debe prestar e mesmo dificulta o funcionamento normal da mesma.

Tendo en conta que nestes momentos non existen aspirantes nas listaxes ao obxecto de poder cubrir provisionalmente prazas/postos/emprego e cuxas características, son as seguintes:

DENOMINACIÓN	CLASIFICACION GRUPO/SUBGRUPO	RETRIBUCIÓN
TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL	A/A1	Posto de Técnico de Administración Xeral, nivel de ENTRADA
TÉCNICO XESTIÓN	A/A2	Posto de Técnico de Xestión, nivel de ENTRADA
ADMINISTRATIVO	C/C1	Posto de Administrativo, nivel de ENTRADA
AUXILIAR	C/C2	Posto de Auxiliar, nivel de ENTRADA

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a elaboración de listaxes de aspirantes a prestar servizos como Funcionarios Interinos en prazas/postos/empregos de Técnicos de Administración Xeral, Técnicos de Xestión, Administrativos e Auxiliares Administrativos, para atender ás necesidades antes referidas e das que xurdan das distintas unidades desta Deputación Provincial, cando se considere necesario e urxente a súa incorporación.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán nestes procedementos selectivos, estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 relativas á selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos a esta Entidade Provincial (cota xeral ou cota de discapacitados), que foron publicadas no BOP nº 289, do xoves 17 de decembro de 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas ao obxecto da confección da Listaxe de Funcionarios/as Interinos/as para provistar, con carácter provisional, prazas/postos/empregos antes relacionados.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.